

O narrador zamorano José Luis Gutiérrez 'Don Guti' trae a Santiago o seu último espectáculo

- 'Cando Deus andaba polo mundo' reúne historias que narran as aventuras de Cristo e San Pedro polas terras da raia
- A función será este venres, 6 de outubro, ás 21 horas no CSC As Fontiñas, con entrada libre ata completar o aforo

CANDO DEUS
ANDABA POLO
MUNDO



JOSÉ LUIS
GUTIÉRREZ
«DON GUTI»

06 / OUT. / 2023
21.00 h / CSC das Fontiñas
Santiago de Compostela

Entrada libre ata completar a capacidade da sala
Espectáculo en castelán | Público adulto

PATROCINADA



ORGANIZADA

AT
LAN
TICA

Asoc. Memoria Atlántica



festivalatlantica.gal

DESIGN: RAQUEL BOO / FOTOGRAFÍA: BOO

Deseño cartel: Raquel Boo

O zamorano **José Luis Gutiérrez**, máis coñecido como 'Don Guti', trae a Santiago o seu último espectáculo, ***Cando Deus andaba polo mundo***, este **venres, 6 de outubro, no CSC As Fontiñas**. A función, destinada ao público adulto, comezará ás 21 horas e terá entrada libre ata completar o aforo. A actividade está organizada pola Asociación Memoria Atlántica e conta coa colaboración da Rede de Centros Socioculturais de Santiago e mais co patrocinio do Concello de Santiago.

Cando Deus andaba polo mundo nótrese dos relatos de orixe relixiosa que foron incorporados polos narradores tradicionais ao seu repertorio. Escapaban así do seu hábitat relixiosa e pasaban a ocupar espazos populares e a ser contados ao redor do

PATROCINADA



ORGANIZADA



Asoc. Memoria Atlántica

COLABORA



REDE DE CENTROS
SOCIOCULTURALS
SANTIAGO DE COMPOSTELA

lume, en xuntanza de pastores, en festas de mozos, afastándose da doutrina e achegándose ao que o pobo lembra e conta.

No caso concreto do espectáculo de Guti, esta sesión reúne relatos escoitados en Noz de Aliste que narran as aventuras de Cristo e San Pedro polas terras da raia entre España e Portugal, historias onde a bondade e o enxeño de Cristo contrapóñense a un San Pedro, bruto e teimudo, historias onde o humor, a sátira e a crítica están sempre presentes. O espectáculo recolle tamén *En la diestra de Dios Padre*, un conto publicado en 1897 polo escritor costumista colombiano Tomás Carrasquilla que é a adaptación dunha serie de historias tradicionais de orixe europea que circulaban na súa Antioquía local.

‘Don Guti’ é gaiteiro, cantador, bailador e, sobre todo, contador de historias. Realizou un inmenso labor de compilación etnográfica en longos seráns de cociña e faladorio en vilas de Zamora, León e Salamanca. O seu traballo céntrase no uso de materiais recollidos directamente de narradores tradicionais, na súa maior parte anciás e anciáns do mundo rural. Traballou principalmente na contorna rural tentando dalgún xeito restablecer a cadea de comunicación-transmisión da cultura oral rota pola condena dos anciáns ao silencio nunha sociedade dominada polo que se repite dende o televisor.

É habitual dos festivais de narración e colaborador en traballos discográficos de grupos como Mayalde, Bajo Duero ou La Ronda de Motilleja. Dirixiu unha morea de espectáculos sobre a tradición, publicou artigos relacionados coa etnografía en revistas como *El Filandar* e colaborou en moitas publicacións especializadas. Polo seu espectáculo *A pelo* recibiu no 2015 o Premio de Interpretación Masculina na XII Edición dos Premios Moretti de Teatro.

A **Asociación Memoria Atlántica** é a impulsora do Festival Atlántica e da celebración do Día Internacional da Narración Oral en Galicia. Con estas funcións aspira a retomar os ciclos de contacontos que antes da pandemia tiñan lugar ao longo do ano e nos que participaban artistas non só galegos, senón tamén do resto da Península e da outra beira do mar.

JOSÉ LUIS GUTIÉRREZ ‘DON GUTI’ | CANDO DEUS ANDABA POLO MUNDO

Venres 6 de outubro | 21 h

CSC das Fontiñas (Santiago de Compostela)

Público adulto | Castelán

Entrada gratuíta ata completar aforo

Máis fotos de ‘Guti’: <https://flic.kr/s/aHBqjAN3sz> (Créditos: Xaime Cortizo)

CONTACTO PRENSA: Bea Pérez | 604 070 409 | prensa@festivalatlantica.gal

PATROCINA



ORGANIZA



COLABORA

